



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Didáctica da lingua estranxeira	Código	652G01026	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Lasa Álvarez, María Begoña	Correo electrónico	b.lasa@udc.es	
Profesorado	Lasa Álvarez, María Begoña	Correo electrónico	b.lasa@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Nesta materia introdúcense conceptos fundamentais na área da Didáctica da Lingua Estranxeira en Educación Infantil orientando o proceso de ensino e aprendizaxe dende unha perspectiva crítica e reflexiva. Abordarase a DLE prestando especial atención ás destrezas orais dado que a comprensión e a expresión oral deben entenderse nesta etapa educativa como o punto de partida para o ensino dunha primeira lingua estranxeira. Así mesmo formularase unha revisión de conceptos fundamentais do uso da lingua inglesa que servirán como ferramenta ao estudante non só para abordar os contidos propios desta materia, que serán presentados nesta lingua, senón tamén para o seu futuro como docentes nun espazo europeo plurilingüe.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
A42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A43	Favorecer as capacidades da fala e da escritura.
A44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
A45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
A46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino.
A48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
A49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
A50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
A51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
A52	Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.
A54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
A55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
A60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.



B19	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B21	Coñecemento e comunicación en linguas estranxeiras.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.	A43 A44 A47 A50	B10 B19 B20 B21	C1 C2
Comprender o paso da oralidade á escrita e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.	A46	B12 B15 B17 B18 B21	C2
Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.	A42 A48	B16 B18 B20 B21	C1 C2 C6
Recoñecer e valorar o uso axeitado do linguaxe verbal e no verbal.	A49	B7 B21 B25	C2 C6
Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira	A51 A52 A55 A60	B21 B24	C2 C7
Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas innovadoras en educación infantil.	A28 A40	B11	C3 C8
Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.	A45 A54		

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Didáctica	<ul style="list-style-type: none"> -O currículo de lingua estranxeira en Educación Infantil. -Coñecemento e análise da normativa europea sobre a adquisición de linguas estranxeiras. -Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Portafolios Europeo de Linguas. -A programación na área de Inglés na etapa de Educación Infantil. -Elementos do proceso de ensino e aprendizaxe da Lingua Estranxeira. -Metodoloxía do ensino e aprendizaxe da Lingua Estranxeira. -Desenvolvemento da comprensión e expresión oral da Lingua Estranxeira. -Técnicas e recursos para a ensino/aprendizaxe de lingua estranxeira en Educación Infantil. -Experiencias interdisciplinares en Educación Infantil.
2. Uso da Lingua	-Contidos xerais do uso da Lingua Inglesa (Nivel B1/B2 Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas).

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A40 A42 A47 A48 A51 A52 A60 B19 B20 B21 B24 C2	24	20	44
Presentación oral	A43 A44 A45 A49 A60 B15 B17 B21 C2	4.5	10	14.5
Proba mixta	A42 A44 A46 A47 B10 B12 B17 B21 C2	1.5	25	26.5
Aprendizaxe colaborativa	A40 A42 A50 A54 A55 A60 B7 B16 B18 B25 C1 C6	12	18	30
Análise de fontes documentais	A28 A42 B11 B20 C3 C8	0	23	23
Portafolios do alumno	A48 B11 B12 B15 B20 B21 C2 C7 C8	0	10	10
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais que presenta os contidos da materia.
Presentación oral	Exposición de traballos en grupo.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo, de ensaio e probas obxectivas
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedimentos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con TIC baseados na organización da clase en grupos pequenos nos que os alumnos e as alumnas traballan na resolución de tarefas orientadas a optimizar o seu propio aprendizaxe.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos relevantes para a asignatura con actividades especificamente deseñadas para o análise dos mesmos.
Portafolios do alumno	Inclúe os materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	Tanto as presentacións orais, coma os traballos ou tarefas realizados ao longo do curso, así como o portafolios, poden levar consigo a necesidade de atención personalizada en horario de titorías.
Portafolios do alumno	O alumnado non presencial poderá tamén recibir atención personalizada en horario de titorías, ou en caso de non poder asistir nese horario, concertar unha cita a través do correo electrónico ou do teléfono.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A42 A44 A46 A47 B10 B12 B17 B21 C2	Proba que integra preguntas tipo. probas de ensaio e probas obxectivas.	60
Presentación oral	A43 A44 A45 A49 A60 B15 B17 B21 C2	Exposición oral de traballos en grupo.	10
Análise de fontes documentais	A28 A42 B11 B20 C3 C8	Conxunto de procedimentos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con TIC baseados na organización da clase en grupos pequenos nos que os alumnos e as alumnas traballan na resolución de tarefas orientadas a optimizar o seu propio aprendizaxe.	25
Portafolios do alumno	A48 B11 B12 B15 B20 B21 C2 C7 C8	Inclúe os materiais producidos das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado.	5

Observacións avaliación



Modo de avaliación para o alumnado que asiste regularmente

A avaliación realizarase de acordo cos seguintes criterios e instrumentos:

Criterios de avaliación:

- Verificación do cumprimento dos obxectivos marcados.
- Asimilación dos contidos teóricos e prácticos.
- Valoración dos traballos realizados durante o curso tanto colaboradores coma individuais.

Instrumentos de avaliación:

- I.1 Uso da Lingua Inglesa: 2 puntos
- I.2 Didáctica da LE: 3 puntos
- I.3 Comprensión e expresión escrita: 1 punto
- I.4 Traballo grupal ou individual: 2.5 puntos
- I.5 Presentación Oral: 1 punto
- I.6 Portafolios (Opcional) 0.5 puntos

A avaliación dos items I.1, I.2 e I.3 realizarase na data programada no calendario académico oficial e é de carácter individual.

A avaliación dos items I.4 e I.5 realizarase na data programada no cronograma ao comezo do curso e pódese facer individualmente ou en grupo (non máis de catro estudantes).

A avaliación do item I.6 é opcional. O portafolios recolle actividades, tarefas e exercicios realizados na aula tanto orais como por escrito aos que se deberá engadir un comentario ou reflexión crítica construtiva con respecto á súa aplicación didáctica nas aulas de Infantil.

Os items 1, 2, 3, 4 e 5 son de obrigado cumprimento para aprobar a materia, obtendo 5 puntos como mínimo. A obtención dun suspenso implica a repetición de todas as probas na súa totalidade na seguinte convocatoria.

Modo de avaliación para o alumnado que non asiste regularmente

1. Alumnado con dispensa académica:

* Aquel que en aplicación da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 29 de maio de 2012), se lle recoñecera a condición de estudante a tempo parcial e solicitara ao Decano/a a correspondente dispensa académica quedando eximido/a da obrigabilidade de asistencia.

2. Alumnado de continuación de estudos (repetidores).

3. Alumnado que non cumpra o 80% de asistencia a clase.

Criterios de avaliación:

- Verificación do cumprimento dos obxectivos marcados.
- Asimilación dos contidos teóricos e prácticos.
- Valoración dos traballos realizados durante o curso.

Instrumentos de avaliación:

A. Proba individual

- I.1 Uso da Lingua Inglesa: 2 puntos
- I.2 Didáctica da LE: 3 puntos
- I.3 Comprensión e expresión escrita: 1 punto

B. Traballo e presentación oral

- I.4. Traballo individual. 3 puntos.

- I.5. Presentación oral. 1 punto.

A avaliación do apartado A (I.1, I.2 e I.3) realizarase na data programada no calendario académico oficial e é de carácter individual. A avaliación do apartado B (I.4 e I.5) realizarase na data acordada coa profesora e tamén é de carácter individual.

Os items 1, 2, 3, 4 e 5 son de obrigado cumprimento para

aprobar a materia. A nota final será o resultado da media das

calificacións obtidas na proba individual A (I.1, I.2 e I.3) e no traballo e presentación oral B (I.4 y I.5), sendo necesario aprobar as dúas partes cunha nota igual ou superior a 3 no apartado A e unha nota igual ou superior a 2 no apartado B.



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Uso da lingua: Principal: - Murphy, Raymond (calqueira edición): English Grammar in Use (with answers). Cambridge. Cambridge University Press. Complementaria:- Bolton, David & Goodey, Noel (1996): English Grammar in Steps (with answers). London. Richmond Publishing. - Collins & Build: Essential English Dictionary.- Eastwood, J. (1994): Oxford Practice Grammar (with answers). Oxford. Oxford University Press. - Hancock, M. (1995). Pronunciation Games. Cambridge. Cambridge University Press. - McCarthy, M. & O'Dell, F. (1994): English Vocabulary in Use. Cambridge. Cambridge University Press. - Sánchez Benedito, F. (1991): Gramática inglesa. Madrid. Alhambra Longman.- Soars, John & Liz, (1991): Headway Pre-Intermediate (Student's Book & Workbook), O.U. P.- Swan, M. (1995): Practical English Usage. Oxford. Oxford University Press. -Swan, M. (2001): The Good Grammar Book. Oxford. Oxford University Press. Didáctica:- Brewster J., Ellis G., Girard D. (1992): The Primary English Teacher's Guide. London. Penguin Books.- Brumfit, C. & Moon, J. and Tongue, R. (1991): Teaching English to Children. Collins ELT.- Dufeu, B. (1994): Teaching Myself. Oxford. Oxford University Press.- Ellis G., Brewster J. (1991): The Storytelling Handbook. London. Penguin Books. - Ellis G. (1997): We're Kids in Britain. Longman.- Moon, J.(2000). Children Learning English. Macmillan Heinemann.- Murado, J. (2010). Didáctica de Inglés en Educación Infantil. Ideas Propias.- Nixon, C. (2005). Primary Pronunciation Games. Oxford: Oxford University Press.- Richards, J. (1999). Approaches and Methods in Language Teaching. Cambridge. Cambridge University Press.- Scott, W. A. & Ytreberg, L. H. (1990).Teaching English to Children. Longman.- Tejada Molina, Gabriel (1994). Me and You (Diseño curricular de inglés para principiantes). Jaén. Universidad de Jaén.- Vale, D. & Feunteun, A. (1995). Teaching Children English. C.U.P.- Vez Jeremías, J. M. (2000). Fundamentos lingüísticos en la enseñanza de lenguas extranjeras. Barcelona. Ariel.- Son moi interesantes os artigos relacionados con este tema e publicados nos diferentes números da Revista Linguaxe e Textos que edita e coordina a área de Didáctica da Lingua e a Literatura do Departamento de Didácticas Específicas da Universidade Da coruña.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías